

## 1. O NACEMENTO DO ISLAM

- O islam é unha **relixión** que foi fundada por **Mahoma** en **Arabia** no século **VII**.
- A **península arábica** é un territorio case desértico que nese tempo estaba habitado por unha multitude de **tribos** independentes e enfrontadas entre si. As tribos do interior eran nómades e dedicábanse o pastoreo. As tribos da costa eran sedentarias e dedicábanse a agricultura ou ao comercio.
- Na rexión do Hiyad destacaban as cidades da **Meca** e de **Medina**, que eran lugares por onde transitaban caravanas de comerciantes.
- Os árabes eran **politeístas** e tiñan en común o culto á **Pedra Negra**, un fragmento de pedra que se veneraba no santuario da Kaaba, na Meca.
- **MAHOMA** naceu no ano 570 na cidade da Meca. Quedou orfo aos seis anos e, poucos anos despois, comezou a traballar como guía de caravanas ao servizo de Khadixa, unha viúva rica.
- Mahoma casou con Khadixa aos 25 anos e, transformado nun rico mercador polo seu casamento, adoitou o costume de ir a meditar a unha cova do monte Hira, próxima á Meca.
- Un día que estaba rezando na cova, Mahoma tivo unha visión do **arcaxo Gabriel**, que lle ordenou memorizar os versos que conteñen a doutrina de Alá.
- A partir de entón Mahoma comezou a predicar unha **nova relixión**, o islam, que significa “**submisión á vontade de Alá, o único Deus**”.
- Tras a morte de Mahoma, a relixión islámica foi recollida no **Corán**, o libro sagrado.

- Os seus practicantes chámanse **musulmáns**, é dicir, crentes, e deben cumprir cinco preceptos relixiosos, que se consideran os **piars do islam**, e unhas normas de comportamento:
  1. A PROFESIÓN DE FE: Creer que non hai máis Deus que Alá e Mahoma é o seu Profeta”.
  2. A ORACIÓN: Obriga de rezar cinco veces ao día, mirando á Meca.
  3. A ESMOLA: Obriga de axudar aos necesitados.
  4. O XAXÚN: Realizar o xaxún (non comer nin beber nada) durante o mes do Ramadán, dende que sae o sol ata que se pon.
  5. A PEREGRINACIÓN: Obriga de peregrinar á Meca polo menos unha vez na vida.


## 2. A EXPANSIÓN ISLÁMICA

- Mahoma comezou a predicar a súa doutrina na cidade da **Meca**, onde se gañou a inimizade dos ricos comerciantes, que non vían ben as ideas igualitarias da nova relixión. Por outra banda, a nova crenza nun Único Deus afectaba aos negocios lucrativos xurdidos ao redor do santuario da Kaaba.
- No ano **622** tivo que fuxir a **Medina** pola persecución das familias máis poderosas da Meca. Esta fuxida do Profeta e os seus seguidores foi chamada “**a hégira**”, e tomouse como punto de partida do calendario musulmá.
- Mahoma foi nomeado o xefe político e relixioso da cidade de **Medina**, e recrutou un exército para conquistar a Meca.
- No ano 630 os exércitos musulmáns conquistaron a **Meca** e os seus habitantes aceptaron o islam. E nos anos seguintes o islam foi asumido polo resto de tribos árabes. Á morte de Mahoma, no **632**, gran parte de **Arabia era musulmá**.

### 2.1. A CREACIÓN DUN GRANDE IMPERIO

- **Tras a morte de Mahoma**, os musulmáns, impulsados pola forza da súa fe, o desexo de riquezas e un poderoso exército, formaron un grande **imperio** ao longo da Idade Media. As conquistas foron rápidas tamén pola debilidade dos outros imperios existentes (o bizantino e o persa, principalmente)
- A **expansión musulmá** desenvolveuse en **tres etapas**:
  - a) O califato ortodoxo (632-661)
  - b) O califato omeia (661-750)

### c) O califato abasí (750-1055)



### A) O CALIFATO ORTODOXO (632-661)

- Os sucessores de Mahoma elixíronse entre os seus familiares e amigos.
- Adoptaron o título de **califa**, que significaba “sucesor do mensaxeiro de Deus”
- A residencia do califa estaba na cidade de **Medina**.
- Neste período, o islam estendeuse por Siria, Palestina, Exipto, parte do norte de África, Mesopotamia e Persia.

### B) O CALIFATO OMEIA (661-750)

- Nesta etapa implantouse a sucesión hereditaria na familia dos omeias.
- A capital do califato trasladouse á cidade de **Damasco**.
- O imperio musulmán alcanzou agora a súa máxima expansión:
  - Polo oeste, estendeuse polo norte de África e a península ibérica
  - Polo leste, estendeuse ata o Turquestán e o val do Indo

### C) O CALIFATO ABASÍ (750-1055)

- A dinastía abasí destronou aos omeias e despois trasladou a capital califal a **Bagdad**.
- Tras a conquista de Creta e Sicilia, a expansión musulmá detívose.
- Finalmente, os turcos conquistaron o califato no ano **1055**.

## 2.2. A ORGANIZACIÓN DAS TERRAS CONQUISTADAS

- O GOBERNO do imperio estaba en mans do **califa**, quen concentraba o poder relixioso e político. O califa axudábase do **visir** (primeiro ministro), que dirixía aos demais funcionarios da administración.
- A ADMINISTRACIÓN do imperio organizouse en provincias ou **koras**, ao mando das cales se situaba un gobernador, **emir** ou **valí**. Outros cargos da administración eran o recadador de impostos e o xuíz.

## 3. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

### A/ AGRICULTURA

- Era a **base** da economía musulmá e ocupou á maioría da poboación. A partir das conquistas, os musulmáns levaron a parte occidental do imperio **cultivos** e **técnicas** propias de oriente.
- A **propiedade** da terra conquistada mantívose, en xeral, en mans dos seus antigos donos. En cambio, as terras do estado sometido repartíronse entre o califa e a aristocracia musulmá.

### B/ ARTESANÍA

- Realizábase nas **ciudades**, en pequenos talleres, onde tamén vendían os produtos fabricados.

### C/ COMERCIO.

- Beneficiouse da posición xeográfica do imperio entre Europa e Oriente.
- As **rotas comerciais** percorrían grandes distancias, polo interior dos continentes e tamén por mar.
- Os **produtos** que circulaban por elas eran sobre todo artigos de luxo.
- Para os intercambios comerciais, os musulmáns utilizaron **diversos sistemas de pagamento**.

## 4. A SOCIEDADE E A VIDA COTIÁ

### 4.1. A ORGANIZACIÓN SOCIAL

- A sociedade musulmá era moi diversa, debido á grande extensión alcanzada polo seu imperio. Existían diferentes grupos **étnicos** (árabes, bérberes e escravos negros ou eslavos) e varias **relixións** (musulmá, cristiá e xudía). Esta pluralidade condicionou a estrutura social, composta por tres grupos fundamentais:

- a) **Aristocracia:** grupo moi reducido, a maioría árabes. Grandes propiedades e cargos de goberno.
- b) **Masa popular:** campesiños, artesáns e comerciantes. Dentro deste grupo se incluían os **cristiáns** e **xudeus**, que conservaron a súa relixión e leis, pero que tiñan que pagar máis impostos co resto.
- c) **Escravos:** prisioneiros de guerra ou procedían do comercio.

#### 4.2. A VIDA DOMÉSTICA

- Na **familia musulmá**, o marido tiña a autoridade absoluta sobre a esposa e os fillos.
- Os **homes ricos**, segundo a lei coránica podían ter ata catro mulleres, sempre que as súas condicións económicas permitisen a súa manutención e a dos seus fillos.
- As **mulleres** estaban sempre baixo a tutela do varón (o pai ou o marido). Vivían nunha parte da casa chamada harén, da que só saían acompañadas e con permiso. A súa tarefa principal era atender a casa e coidar dos fillos.

#### 4.3. AS VIVENDAS

- A vivenda musulmá é un reflexo do carácter íntimo e familiar da vida característica desta civilización. Por iso, era **sobria**, carente de **adornos** e tiña **poucas ventás** ao exterior. Ademais, as escasas ventás disimulábanse mediante unha celosía ou ajimez.
- No interior, os **homes** e as **mulleres** ocupaban espazos separados: os homes reservaban a zona próxima á entrada e as mulleres vivían no harén, situado na parte traseira ou nos altos.
- O **mobiliario** era escaso e variaba segundo o nivel social. Pero a decoración interior era moi rica e diversa (paredes, teitos), así como os **patios** cheos de plantas que creaban un ambiente fresco nas casas.

### 5. A CIDADE MUSULMÁ

- As cidades musulmás eran a sede do goberno, e concentraban as actividades artesanais, comerciais, relixiosas e culturais.
- Estaban **amuralladas** e tiñan un plano **irregular**, formado por rúas **estreitas** e tortuosas.

- Organizábanse a partir dun núcleo central, chamado **medina**, ao que se engadían unha serie de **arrabaldes** ou barrios extra muros.
- En todas as medinas había uns edificios e espazos públicos esenciais:
  - 1. FORTALEZA** (alcazaba): Fortaleza ou recinto fortificado, situada na parte máis elevada, para a defensa da poboación.
  - 2. MESQUITA MAIOR** (aljama): As mesquitas eran espazos de culto, de estudo do Corán e de reunión dos musulmáns. A **mesquita maior** era o edificio para a oración colectiva do venres, obrigatoria para os varóns.
  - 3. ZOCO:** Localizábase nas rúas próximas á mesquita maior. Era o mercado onde os artesáns vendían os seus produtos: vestidos, teas, perfumes, calzado, etc. Xunto aos artesáns, no zoco instalábanse unha gran variedade de tendas: vendedores de especias, froiteiros, etc.
  - 4. BAÑOS PÚBLICOS:** Eran usados por todos os habitantes da cidade. Seguían un modelo similar aos dos baños romanos, e constaban de salas de auga temperada, quenta e fría. A eles acudían os homes e as mulleres en distinto horario: os homes pola mañá, as mulleres e os nenos pola tarde.
  - 5. CELEIROS** (alhóndiga): Eran grandes almacéns. Neles gardábanse as mercadorías e hospedábanse os mercadores vidos de lonxe.

### ELEMENTOS FUNDAMENTAIS DAS MESQUISTAS:

